

xoves. 15 abril

16.00-17.00h

CRISTINA NOVOA FERNÁNDEZ

"Biblioteca escolar, organismo vivo ao servizo das aprendizaxes"

Mestra especialista en Filoloxía, exerceu en centros de educación primaria durante 24 anos, nos que xestionou e dinamizou a biblioteca escolar e estivo á fronte de diferentes equipos directivos, colaborando tamén na formación do profesorado dentro e fóra de Galicia en temas relacionados coas bibliotecas escolares, a comprensión lectora, o fomento da lectura, a alfabetización informacional, a organización dos centros, o tratamento dos contidos transversais (medio ambiente, resolución de conflitos etc.), as políticas públicas de lectura e a creación e desenvolvemento de redes de bibliotecas escolares.

Coordinou a Asesoría de Bibliotecas Escolares no seo da Consellería de Cultura, Educación e Universidade dende o ano 2003 até a súa xubilación, en decembro de 2020, con intervencións diversas para a reactivación e o fortalecemento da rede galega de bibliotecas escolares.

Deseñou e formou parte da organización das tres actividades anuais de formación neste ámbito que se veñen desenvolvendo con regularidade: as xornadas de bibliotecas escolares de Galicia (dende 2005), os encontros de responsables de bibliotecas integradas no PLAMBE (dende 2006) e as xornadas de clubs de lectura (dende 2008); así como outras de carácter estatal celebradas en Compostela: o Congreso Bibliotecas Escolares en tránsito, de 2011, e a Xornada Técnica La biblioteca escolar: cuestión de enfoque, de 2019.

Foi integrante da Comisión Técnica de Bibliotecas Escolares (MECD-CCAA), do *Grupo estratégico para el estudio de prospectiva sobre la biblioteca en el nuevo entorno informacional y social (Prospectiva Bibliotecas 2020)*, do *Grupo de Trabajo ALFIN*, do Consello de Cooperación Bibliotecaria de Galicia e do Consello Asesor do Libro, en representación da Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos, responsable directa do programa de Bibliotecas Escolares.

17.00-18.00h

JOAN FERRÉS PRATS

"Competencias informacionais e mediáticas"

Doutorado en Ciencias da Información, mestre e diplomado en cinematografía, centrou a súa experiencia docente na educación secundaria, na escola de maxisterio da Universidade Ramón Llull, así como nos Estudios de Comunicación Audiovisual da Universidade Pompeu Fabra.

É especialista en Comunicación e educación, profesor de mestrados vinculados a Comunicación e educación e investigador sobre o grao de competencia mediática. Realizou diversas conferencias sobre Educación mediática en España e en múltiples países iberoamericanos.

18.00-19.00h

ALICIA SELLÉS CAROT

"Servizos bibliotecarios con perspectiva de Axenda 2030 para que ningúen quedeatrás"

Diplomada en Biblioteconomía e Documentación pola Universidade de Salamanca, Licenciada en Documentación pola Universidade Politécnica de Valencia e Mestrada en Contidos e Aspectos Legais na Sociedade da Información pola mesma universidade.

É consultora e realiza tarefas de xestión e coordinación de proxectos que na súa maioría están relacionados con bibliotecas dixitais e repositorios, sistemas de xestión de bibliotecas, así como consultorías para a implantación de sistemas de información.

Compatibiliza estas tarefas coa docencia en cursos especializados, graos e mestrados relacionados coa xestión da información e o asociacionismo profesional. Neste ámbito é a actual presidenta de FESABID (*Federación Española de Sociedades de Archivística, Biblioteconomía, Documentación e Museística*) e representante de España no *Executive Committee of EBLIDA (European Bureau of Library, Information and Documentation Associations)*.

Foi tamén representante española para o programa "International Advocacy Programme" da IFLA (*Federación Internacional de asociaciones de bibliotecas*) entre 2016 e 2018.

Actualmente coordina o Grupo de traballo "Bibliotecas y Agenda 2030" do *Consejo de cooperación bibliotecaria* e é vogal do *Consejo de Desarrollo Sostenible*.

Recentemente foi nomeada vogal do Patronato da Biblioteca Nacional de España (BNE).

19.00-20.00h

MONTSERRAT PENA PRESAS

"Construir e asentar lectoras e lectores a partir da literatura infantil e xuvenil galega"

Doutora en Filoloxía pola Universidade de Santiago de Compostela e Mestrada en Edición pola Universidade de Salamanca. Dende hai dez anos é docente na Facultade de Formación do Profesorado de Lugo (USC), onde imparte clases de Literatura infantil.

Os seus campos de investigación téñense centrado, moi especialmente, na didáctica da literatura, na literatura infantil e xuvenil e nos feminismos. Exerceu a crítica literaria en diferentes medios, sendo actualmente colaboradora do programa Diario Cultural da Radio Galega cunha sección semanal sobre literatura infantil.

Ademais de diferentes artigos de investigación, ten publicados catro libros: *Un chapeu e un nariz de pallaso. Tras os pasos de Roberto Vidal Bolaño* (Galaxia, 2013), *Feminismos e literatura infantil e xuvenil en Galicia* (Laioveneto, 2018), *A voz insurrecta. María Victoria Moreno, entre a literatura e a vida* (Galaxia, 2018) e *Intempestiva. Unha biografía literaria de Xela Arias* (Galaxia, 2021).

19.00-20.00h

BLANCA MATA FAURI

"Lectura fácil: A lectura inclúenos a todas"

Licenciada en Ciencias da Comunicación pola UPV-EHU e Máster de Periodismo *El Correo*, é a responsable de *Lectura Fácil Euskadi-Irakurketa Erraza*, dende a súa creación en 2012. Imparte formación en lectura fácil, accesibilidade informativa e dinamización lectora. Tamén adapta e supervisa as adaptacións a "lectura fácil" de diversas editoriais, administracións públicas, empresas e entidades sociais, ademais de dinamizar clubs de lectura fácil en diversas entidades e bibliotecas.

venres. 16 abril

16.00-17.00h

DANIEL CASSANY COMAS

"Educar contra a desinformación"

Doutor en Filosofía e Letras, é profesor e investigador de Análise do Discurso na Universitat Pompeu Fabra, de Barcelona.

Publicou máis de 15 monografías sobre escritura e ensinanza da lingua como *Describir el escribir* (1988), *La cocina de la escritura* (1996), *Construir la escritura* (1999), *Tras las líneas* (2006), *Afiilar el lapicero* (2007), *Para ser letrados* (2009); ten ademais outras publicacións en liña como *Leer y escribir en la red* (2012), *Laboratorio lector* (2019) ou *Enseñar lengua* (1993, en coautoría), ademais duns 100 artigos científicos en boletíns e actas de congresos.

Foi profesor invitado en institucións de máis de 25 países en Europa, América e Asia, destacando a súa última publicación *El arte de dar clase (segundo un lingüista)*, en Anagrama.

17.00-18.00h

FREDDY GONÇALVES DA SILVA

"Habitar o ruído: a conversa literaria cos adolescentes"

Promotor da lectura, guionista, escritor e especialista en literatura infantil e xuvenil, así como creador da revista *PezLinterna*, traballou no Banco do libro como Coordinador do Comité de Selección; tamén como profesor no Mestrado de Libros e Literatura Infantil e Xuvenil da Universidade Autónoma de Barcelona, ademais de ter sido coordinador de Marketing na Editorial SM en Colombia e libreiro en El Bosque de la Maga Colibrí.

Á súa vez, foi guionista de televisión para varias cadeas internacionais, así como autor dos tres libros para nenos (*María Diluvio, Arañas de casa e Alternativas para el fin del mundo*), e de artigos para revistas especializadas (*CLJ, Barataria, Faristol, Anatarambana, Culturetas etc.*). Actualmente é profesor no Mestrado de Lectura, libros e lectores infantís e xuvenís da Universidade de Zaragoza e imparte diversos cursos de formación a profesorado da Generalitat Valenciana, así como da Deputación de Barcelona.

Publicou o libro *La nostalgia del vacío, la lectura como espacio de pertenencia en los adolescentes*, onde reflexiona sobre a súa labor cos clubs de lectura xuvenís nas bibliotecas municipais de Xixón e Barcelona, polo que foi recoñecido e invitado a dar conferencias e talleres en Colombia, Arxentina, México, Venezuela e Brasil, entre outros países. Actualmente tamén leva a cabo un proxecto de formación de mediadores e clubs de lectura con rapaces en zonas de difícil acceso en Nicaragua, á par de diversos clubs de lectura en España.

18.00-19.00h

ESTRELLA BORREGO DEL CASTILLO

"O álbum e o seu papel na formación de lectores"

Licenciada en Periodismo (UCM), con estudos de Doutoramento en Poesía Contemporánea e Mestrada en Xestión Emprendedora en Lectura e Escritura, foi durante catro anos directora de revistas culturais da editorial Scholastic en Londres e, dende 1998 traballou como editora da literatura infantil e xuvenil para varias editoriais españolas.

Publicou máis de 300 títulos, entre traducións, adaptacións literarias e obras de creación propia. Actualmente é editora no catálogo infantil de *Libros del Zorro Rojo* e dirixe o proxecto educativo "Escribir para niños y niñas", adicado ao fomento da lectura e a escritura en Andalucía.

18.00-19.00h

ANNA JUAN CANTAVELLA

"Viaxando aos confins do mundo: un paseo en 25 álbuns"

Doutora en Antropoloxía Social e Cultural, co Mestrado en Libros e literatura infantil, así como docente investigadora no campo da didáctica da literatura, é, actualmente, profesora asociada da UAB no departamento de Didáctica da Literatura.

Como profesional autónoma deseña e desenvolve proxectos, talleres e formación para formadoras (mestres e bibliotecarias) sobre literatura infantil, educación literaria, biblioteca escolar e fomento da lectura en escolas, bibliotecas e outras institucións como CEFIREs, CESIRE, ICE, Universidad Blanquerna, COBDC, COBDCV, Coordinación Territorial de Bibliotecas, Bibliotecas da Deputación de Barcelona, Bibliotecas de Girona etc., colaborando ademais en múltiples proxectos ao longo dos últimos anos

19.00-20.00h

SUSANA PEDREIRA BUJÁN

Licenciada en Xornalismo pola Universidade de Santiago de Compostela, comezou traballando en comunicación empresarial e institucional. No ano 2010 incorporouse á redacción de Onda Cero en Galicia e dende entón dirixe e presenta o programa local diario "Más de Uno Pontevedra". En setembro de 2015 asumió á coordinación do programa "Gente Viajera de Galicia". Ademais, desde 2016 forma parte da programación nacional de Onda Cero co programa "Un alto en el camino", catro horas de directo nas mañás da fin de semana que cada verán se emite dende Pontevedra para todo o Estado.

É unha das autoras do libro *Oito olladas sobre a folga feminista do 8 de marzo*, editado por Galaxia e a Deputación de Pontevedra. Ademais, é co-fundadora do foro "As mulleres que opinan son perigosas" que xa vai pola súa cuarta edición. En marzo de 2018 celebrouse a primeira no Teatro Principal, convertendo a Pontevedra durante dous días na capital do xornalismo de opinión con sinatura de muller.

Web: <https://www.ondacero.es/programas/un-alto-en-camino/> Twitter: **@SuPedre**

venres. 16 abril

19.00-20.00h

IRENE VALLEJO MOREU

"Sobre libros, lecturas e bibliotecas"
Unha conversa con Susana Pedreira

Atraída dende a infancia polas lendas de Grecia e Roma e polo luminoso mundo mediterráneo, estudou Filoloxía Clásica e obtivo o Doutoramento Europeo polas Universidades de Zaragoza e Florencia. Nas bibliotecas florentinas, rodeada de manuscritos, naceu o seu ensaio *El infinito en un junco* (Siruela, 2019), que recibiu unha extraordinaria acollida entre a crítica e os lectores: foi recoñecido co Premio Nacional de Ensaio 2020, o Premio "Ojo Crítico" de Narrativa de RTVE, o "Librerías Recomiéndan" do Gremio de Librerías, o das Librerías de Madrid e o galardón "Acción Cívica" de Humanidades, entre outros. Convertido xa nun éxito editorial, superou as trinta edicións, está sendo traducido a trinta idiomas e será editado en máis de corenta países.

Apasionada pola divulgación dos autores clásicos, colabora con prestixiosos medios como *El País*, *Heraldo de Aragón* ou a *Cadena Ser* en España, e *Milenio y Laberinto* en México. Algúns dos seus artigos foron traducidos a cabeceiras estranxeiras como *Corriere della Sera*. Co tempo, as súas colaboracións foron recopiladas en libros como *El pasado que te espera* (Anorak, 2010), *Alguien habló de nosotros* (Contraseña, 2017) e *El futuro recordado* (Contraseña, 2020), froito dun singular xornalismo filosófico que trenza temas do presente coas ensinanzas do mundo antigo. A finais de 2020, publicou o breve *Manifesto de la Lectura* (2020), por encargo do Gremio de Editores.

A súa temperá vocación literaria foi recoñecida, entre outros, co Premio " Los nuevos de Alfaguara" (1998), o Premio "Búho" dos *Amigos del Libro* e a "Sabina de Plata 2017". A súa primeira novela, *La luz sepultada* (Paréntesis, 2011), describía en clave de suspense a irrupción da guerra civil e o medo nas vidas particulares. A segunda, *El silbido del arquero* (Contraseña, 2015), é unha peculiar novela histórica con ecos homéricos e virxilianos. Os seus relatos breves foron seleccionados en varias antoloxías, entre as que destaca *La mascota virtual* (Alfaguara, 1998) e *Hablarán de nosotras* (Libros del Gato Negro, 2016). Tamén publicou dous álbuns ilustrados: *El inventor de viajes* (2014), xunto ao artista José Luis Cano, e *Leyenda de las mareas mansas* (2015), con acuarelas de Lina Vila, coa intención de achegar as lendas clásicas ao público máis novo. Ademais, colabora no proxecto *Believe in Art*, que cobre de palabras e contos as paredes de hospitais infantís.